

5 Entrevista ■ Juan Penabad, alcalde de Ortigueira, busca recuperar no 2022 o selo turístico da vila

15 Política ■ Valentín González: “Ferrolterra pode ter un futuro laboral apaixonante”

21 Economía ■ A empresa chinesa CHTC Motor podería instalarse en Río do Pozo

enfiques.gal

Nadal

Os Reis magos enchen de ilusión as comarcas

As restriccións pola pandemia da COVID-19 marcaron unha cabalgatas que non tiveron larpeiradas nin paradas das carruaxes.

Páx. 2-3



Municipal

Narón presenta uns orzamentos “récord” para afrontar o 2022

O goberno local de Narón presentou este pasado 23 de decembro os orzamentos municipais do vindeiro ano. O documento contable de 2022 ascende a 35.589.795 euros. A alcaldesa, Marián Ferreiro destacou que o Concello “continúa mantendo os impostos conxelados, incrementando na medida do posible os baremos de bonificacións para axudar ás familias máis vulnerables e sen débeda bancaria.

Páx. 18

Sociedade



Hugo Piñón, o valdoviñés de profesión viaxeiro

Páx. 20

Municipal

Pontedeume aproba un orzamento “social e realista” de 7,4 millóns

Páx. 7

OBRAS 8 E 21

Avanza a renovación do pavillón de Monte Caxado

Melloras ■ O alcalde das Pontes, Valentín González Formoso, comprobou o avance das obras de renovación integral do pavillón polideportivo Monte Caxado, un proxecto valorado en 228.796,59 euros.



O alcalde pontés supervisou os traballos no recinto

Cedeira pecha o ano cos proxectos do POS executados

Plan Único ■ O Concello de Cedeira termina o ano con todos os proxectos do POS+2021 e POS+Adicional 2021 en marcha ou en proceso de licitación. Son cinco iniciativas que suman un investimento de preto de medio millón de euros.

Medio Ambiente

O punto limpo de Vilar do Colo promoverá entre a veciñanza a economía circular

Páx. 22

Especial Nadal en Ferrol, Eume e Ortegal



NEDA ■ En Neda o pasarrúas dos Reis Magos tivo lugar cun itinerario moito máis amplo do habitual para tentar abarcar a maior parte do territorio e evitar aglomeracións, desde a mañá ata pola tarde.

Os Reis Magos inundan de ilusión os concellos

A XORNADA FESTIVA DO PASADO 5 DE XANEIRO ESTIVO MARCADA POLA PANDEMIA E POLAS MEDIDAS DE SEGURIDADE

Miles de nenos e nenas dos vinte concellos de Ferrol, Eume e Ortegal recibiron aos Reis Magos o pasado mércores 5 de xaneiro nunha xornada festiva,

pero marcada pola pandemia e con medidas de seguridade, como o uso de máscara e distancia social, pero coa ilusión e a expectativa doutros anos.



CEDEIRA ■ Os Reis Magos de Oriente están recibindo ás nenas e nenos de Cedeira no Auditorio Municipal



CARIÑO ■ Os nenos e nenas de Cariño puideron entregar persoalmente as súas cartas ao Reis Magos na tradicional recepción real.



SAN SADURNIÑO ■ As restricións sanitarias tamén marcaron o encontro dos nenos coas súas maxestades de Oriente en San Sadurniño.




Os máis madrugadores fixérono xa pola mañá nas cabalgatas estáticas organizadas por algúns municipios; nos percorridos, promovidos por outros en vehículos, das súas maxestades de Oriente ou nas recepcións, nuns casos desde o balcón e, noutros, mediante “circuitos seguros”. Este ano non houbo larpeiradas para os asistentes.

A expectación dos máis pequenos e pequenas foi a mesma, a pesar de ter que facelo baixo paraugas como nas recepcións ofrecidas desde o balcón nalgún consistorio.

Polo contexto de pandemia e as recomendacións sanitarias, algúns concellos organizaron xa desde a mañá, outros desde o mediodía, cabalgatas estáticas que recorreron as grandes vías dos municipios para evitar aglomeracións.



PONTEDEUME ■ En Pontedeume tiveron a oportunidade de ver un ano máis a Melchor, Gaspar e Baltasar mentres as súas maxestades percorrían as rúas da vila acompañados dos seus paxes. Visitaron tamén as parroquias de Andrade, Boebre, Nogueirosa, Centroña ou Campolongo.



VALDOVIÑO ■ Os Reis Magos de Oriente visitaron tamén Valdoviño para iniciar un breve percorrido desde a casa do concello ata a casa da cultura e fixeron entrega aos nenos e nenas dun pequeno obsequio.



NARÓN ■ Os Reis Magos desprazáronse á Cidade dos Agasallos instalada no Pazo da Cultura de Narón. Alí recibiron desde pola mañá ás nenas e nenos, que foron recibidos polos paxes reais para depositar as súas cartas na caixa de correos real, no caso daqueles que aínda non o fixeran.



ORTIGUEIRA ■ En Ortigueira non houbo este ano recepción dos Reis Magos aos nenos e nenas do municipio pero si tivo lugar a tradicional cabalgata polas rúas do concello.



Canta información tes recibida
que non te interesaba?
Con total seguridade,
demasiada.

enfoques.gal



Enfócate no local

subscribíndote á nosa newsletter.
Chegamos a máis de 5.000 fogares
de Ferrol, O Eume e Ortegal.

Entrevista

JUAN PENABAD (ORTIGUEIRA, 1969), AFRONTA A SÚA A SÚA SEGUNDA LEXISLATURA COMO ALCALDE DE ORTIGUEIRA COA VISTA POSTA EN RECUPERAR DE CARA ESTE ANO O FESTIVAL CELTA, UN EVENTO CLAVE PARA A ECONOMÍA DO MUNICIPIO, E SEGUIR AVANZANDO NA CONFIGURACIÓN DA VILA COMO UN DESTINO TURÍSTICO DE CALIDADE. A PANDEMIA DEIXOU EN PUNTO MORTO IMPORTANTES INVESTIMENTOS EN INFRAESTRUTURAS QUE PRETENDE DESENVOLVER AO LONGO DESTE ANO.

Coñecedor da importancia que o turismo ten na comarca do Ortegal, Juan Penabad aspira a converter a Ortigueira nun destino turístico de calidade e sostible para toda a familia. O Festival Internacional do Mundo Celta e o proxecto do Xeoparque Cabo Ortegal son dous cimentos claves para construír o novo paradigma turístico do municipio e da comarca.

O rexedor ortegano confía afronta a segunda parte da actual lexislatura coa vista posta no sector turístico, pero tamén en seguir sumando habitantes nunda das comarcas máis despoboadas de Galicia. Para iso, aposta por mellorar os servizos que faciliten a conciliación laboral e as infraestruturas do día a día.

Defina con catro adxectivos o primeiro ano desta nova lexislatura á fronte do concello de Ortigueira.

Duro e triste, pero tamén solidario e esperanzador. Foi, sen lugar a dúbidas, un ano marcado pola crise sanitaria e pola perda de vidas que supuxo, unha situación ante a que nos viamos impotentes.

Porén, tamén foi un ano solidario, porque contamos co apoio, a colaboración e a comprensión das veciñas e veciños, sempre dispostos a axudar e axudarse entre eles. Creo que nunca perdemos a esperanza de saír, todas e todos xuntos, desta complexa situación.

Cales foron as principais medidas de goberno que trincou a crise socio sanitaria en Ortigueira?

Tiñamos en mente executar medidas para promocionar o noso municipio e facer del un referente no eido turístico, sen embargo, o confinamento, as restricións e os peches perimetrais non permitiron levalas a cabo como tiñamos pensado.

Aínda así, os datos obtidos en 2020 e 2021 foron bos, e iso débese a que o noso municipio e un destino de calidade, onde as familias e persoas que nos visitan saben que van atopar tranquilidade, seguridade e moitos lugares para desfrutar. O que si trincou a covid-19 foi a celebración do noso Festival Celta, no que xa estamos a traballar para volver ser capital mundial do folk no 2022 coa edición máis longa da súa historia.

Fálase moito das oportunidades que xurdirán a raíz da pandemia, por exemplo coa chegada dos fondos europeos de recupe-



Juan Penabad, alcalde de Ortigueira, na terraza do pazo municipal.

“Ortigueira ten que ser un destino de calidade, sostible e familiar”

ración. En que medida van afectar a Ortigueira?

O Concello solicitará todas as axudas posibles para levar a cabo actuacións que impulsen a economía local e a creación de emprego neste momento de reactivación. Tamén temos que coidar e potenciar os numerosos recursos naturais cos que contamos para promover un turismo sostible e responsable.

A volta do festival do mundo celta de Ortigueira neste 2022 marcará, dalgún xeito, a volta total á normalidade para o municipio?

Esperamos que así sexa, aínda que será unha volta a unha normalidade especial, diferente á que coñeciamos antes da pandemia. Teremos que adaptarnos ás novas circunstancias e adoptar todas as medidas para protexer e garantir a saúde das persoas que asistan, ao mesmo tempo que seguimos a construír

un evento que xa é referente en todo o mundo. Un encontro que forma parte da historia da música a nivel internacional e un dos principais motores da nosa economía.

Os concellos quéixanse desde hai tempo das competencias impropias que deben asumir, cre que a pandemia deixou patente que é necesario un cambio no modelo de financiamento dos municipios?

Evidentemente os Concellos asumimos competencias que non nos corresponden, quizais porque somos a Administración máis próxima á nosa veciñanza. Isto quedou patente durante o confinamento.

Cando a Xunta decretou o peche dos centros de día, das garderías e dos colexios, os Concellos seguimos prestando todos os servizos esenciais, aínda que non fosen da nosa competencia, como a axuda a do-

micilio, que viu incrementada a súa demanda como consecuencia do contexto.

Tampouco podemos esquecer outros servizos postos en marcha polo Concello, como a atención 24 horas para achegar alimentos ou medicamentos ás persoas que non podían acudir a compralos.

Qué obxectivos se marca de cara ao 2022 unha vez retomada parcialmente a normalidade política e social?

Primeiramente, reactivar e potenciar o noso turismo a través de actuacións que nos leven a poñer Ortigueira como un destino de calidade, sostible e familiar. Non só para a época estival, senón todo o ano, co obxectivo de atraer investimento e impulsar a economía local e o emprego.

Farémolo cunha firme aposta polo Festival do Mundo Celta, para que sexa un claro reclamo

en todo o mundo, así como polo Camiño do Mar, que percorren xa numerosos peregrinos e que se consolida como unha ruta de futuro.

Tamén a través do Xeoparque do Cabo Ortegal, que nos permitirá catapultarnos como destino xeolóxico internacional. Ademais, este ano pasamos a formar parte do catálogo de cidades alfonsíes, unha proposta que nos permitirá dar a coñecer o noso patrimonio e crear novas colaboracións con vilas de toda España.

Por suposto, a isto engádese o noso traballo constante por seguir mellorando infraestruturas, con intervencións nas que estamos a investir máis de 4 millóns de euros. Acondicionaremos espazos coma o CEIP J.M Lage, o centro social O Viso, a biblioteca municipal, a Alameda ou a Casa do Concello.

Tamén levaremos a cabo iniciativas como a renovación do saneamento en Peago e Cuña ou a pavimentación de estradas ao longo de todo o termo municipal. Así mesmo, estamos a impulsar o cambio progresivo da iluminación pública, para ter un sistemas máis eficientes enerxeticamente e máis sostibles medioambientalmente.

Unha mellora que dará continuidade ao importante aforro enerxético que estamos a ter grazas ao novo contrato conseguido para a iluminación, co que reducimos un 50% o gasto que dedicamos a ela, puidendo empregar eses cartos para actuacións moi necesarias para o benestar dos ortigueireses e ortigueirasas.

Qué lle diría aos veciños e veciñas de Ferrol, Eume e Ortegal que están sumidos nunha especie de resignación ante a situación socioeconómica das comarcas?

Que temos que estar unidos, ir da man para intentar reconverter a situación. Podemos conseguir proxectos ambiciosos, temos como exemplo o proxecto do Xeoparque do Cabo Ortegal, que opta a ser Global Geopark grazas ao traballo conxunto de todos os Concellos que formamos parte del e da Deputación.

Todos os municipios temos que esixir ás Administracións central e autonómica que adopten as medidas ao seu alcance para que estas comarcas acaden unha óptima situación socioeconómica, que permita á veciñanza poder residir nas mesmas e que evite o despoamento dos nosos municipios.

Ramiro Amado Colaboración

A construción do fraude da sanidade pública

O deterioro da sanidade pública é un feito incuestionable. Atrás quedaron aquelas soflamas de que tiñamos a mellor sanidade pública do mundo. Hoxe a decadencia é palpable froito, principalmente, porque algúns puxeron a súa ideoloxía supostamente neoliberal nela para facer negocio, pero tamén por unha ineficacia na xestión da mesma.

Escusas para xustificar o declive manifesto da sanidade pública en xeral e, sobre todo, na atención médica primaria, hainas de todo tipo e algunhas delas rocambolescas. Non está exento de razón aquilo de que para privatizar ou externalizar un servizo público, non tes máis que deixar que se deteriore por falta de xestión e investimento. Isto estase cumprindo ao pé da letra na sanidade pública. Desacredítase o sistema público para logo expor a iniciativa privada como solución, a pesar de que os sistemas sanitarios con máis participación privada son os máis caros do mundo. Desacredítase o sistema público de saúde fomentando un discurso que cuestiona a súa sustentabilidade e lembra sistematicamente a súa ampla débeda acumulada.

É evidente que non se quere coidar a sanidade pública e que aos gobernantes vénlles de perlas que a xente termine contratando un seguro privado. Isto último non deixa de ser un alivio para uns recursos cada vez máis exiguos tras máis dunha década de crise. Non hai vontade de arranxar o asunto e os cidadáns afixémonos aos recortes e a non protestar, nin sequera polo máis básico: o coidado da nosa saúde. Supoño, ademais, que iso non se debe soamente ao prolongado desánimo dun país que non levanta cabeza, senón tamén ao calado cada vez máis profundo dunha mentalidade individualista.

O declive da sanidade veuse larvando desde hai anos froito dos recortes sistemáticos que viña soportando en infraestruturas e recursos humanos a modo de demolición programada. A pandemia non fixo máis que sacala a relucir en todo a súa crueza. En xeral, o déficit de profesionais concéntrase en medicina de familia, pediatría de atención primaria, anestesia e radioloxía. Algúns postos de traballo tardan un ano en atopar quen o ocupe. A decadencia da sanidade pública é o resultado dun modelo de xestión que somete as decisións médicas a criterios políticos no que se busca unha suposta eficiencia pagando soldos baixos e que coacciona aos seus profesionais en lugar de incentivalos.

Os cidadáns e profesionais non somos inocentes do todo, aínda que si os principais sufridores da deterioración. Por desinterezo, ignorancia, ou conivencia, miramos de lado e agora alarmados rachámonos, con razón, as vestiduras.



Nicanor Tischler Reflexións dun viaxante

O cambio

Non somos conscientes do proceso, esa muda tivo que ser paulatina, un pouco cada día, pero é de súpeto cando se nos presenta con claridade e quedamos, nun primeiro momento, sorprendidos. Que pasa?, preguntamos, antes de caer na conta de que o que pasou foi o tempo, só o tempo, e ao pasar non é que desapareza, non é que pase de longo e adeus, moi boas, non, ao pasar, queda, queda amoreado nos sentidos, alumeando a realidade con novos matices. Ou escurecendoa. Un cumpre anos e non só perde vista (eiva facilmente corrixible, xa que só afecta á mecánica do ollo) senón tamén visión, e iso non depende tanto da capacidade como do interese. Un, ó ir cumprindo coa vida, ó ir facéndoa ou desfacéndoa, vai perdendo campo, estreitando os camiños, delimitando os obxectivos, é posible que ata desconectando focos, ou reducindo, polo menos, a potencia.

Cambiamos de ano e a servidón dálle por pensar sobre o cambio, así, sen anestesia, e o primeiro que se lle vén á cabeza é o cambio irremediable que un mesmo sofre, que todos sufrimos, ese cambio inmisericorde e tenaz ao que nos somete o vello Cronos. Un cambio silente, sen brusquedades, pero firme no seu labor infatigable. Un cambio de peso na carga que soportamos. Iso é o primeiro no que servidón pensa, si, e por aí empeza, pero no e aí onde quere quedar, hai tanto que dicir sobre o cambio!

Os políticos, sobre todo se están na oposición, utilizan o termo con fruición e lixeireza, ofrecéndoo como un significativo baleiro que cada quen

deberá ir enchendo coa materia, máis ou menos conformada, dos propios desexos, soños ou ilusións. Incluso se están no poder, e o cambio, polo tanto, non debera favorecerlos, son capaces, conscientes da súa forza motriz, de utilizado de xeito acumulativo ("Cambio sobre el cambio"), como unha fase avanzada nun proceso gradual de transformación incitante.

O cambio métenos medo e atraenos. Máis vale malo coñecido que bo por coñecer, di o refraneiro español, reflectindo o parecer de cantos temen dar un paso por se o dan en falso, por se máis alá da punteira dos zapatos non queda chan no que apoiarse. Pola contra, están os que entenden a vida coma unha muda continua, como una renovación permanente, e non acougan en esta-

do ningún, desconformes crónicos en calquera estación. Son extremos, claro, e aínda que neles hai moitos con residencia fixa, poucos son os que nalgún momento non os teñen visitado. Porque todos, como seres expostos, podemos pasar en pouco tempo da querencia pola estabilidade inquebrantable ao bulebulé inquebrantable do movemento. Pero teñamos medo ou sintamos atracción o cambio é inevitable, pode con nós, coas nosas resistencias.

Hai tanto que dicir sobre o cambio!, si, pero deixemos que sexa a voz de Mercedes Sosa a que o diga cantando: "Cambia lo superficial/ cambia también lo profundo/ cambia el modo de pensar/ cambia todo en este mundo".

Hai cousas ás que lles está costando, pero de ano, si, de ano si cambiamos.

Colaboración

Onde quedou a ilusión?

Durante estes últimos meses encontrome cunha idea bastante estendida, que é a de xente que me comenta que perdeu a ilusión. Non afirman estar tristes ou deprimidos, nin sequera con estrés ou ansiedade como parecería lóxico pola situación sanitaria que estamos a vivir, senón simplemente sen ilusión.

De feito, o símil que máis se repite é o dun globo desinchado, como se certamente as persoas perderan o seu volume, a súa masa corporal, pero tamén a súa alegría, as súas ganas, quedándose ocos. Si, iso é, moitas e moitos comentan ter unha sensación de baleiro difícil de explicar.

Hai quen chama a isto desesperanza. E ben dito está, xa que psicolóxicamente falando, a ilusión é precisamente a esperanza, con ou sen fundamento real, de acadar algo ou conseguir que algo que se desexa suceda.

Temos que saber que a ilusión acompáñanos dende que nacemos ata que morremos; e está conectada con emocións positivas, que nos empuñan a sentirnos ben e en plenitude. Non fai necesariamente que sexamos felices, xa que para esta receita son precisos máis ingredientes, pero si fai que nos poñamos en acción.

Pero a ilusión non é inmutable, senón que cambia ao longo do tempo; así coa idade e coas nosas experiencias poden ilusionarnos cousas ben distintas. Unha nena que aos 5 anos se enche de ilusión ante a chegada dos Reis Magos, aos 18 o pode estar por estudar o que lle gusta, aos 30 por viaxar e aos 50 por que lle toque a lotería para acabar de pagala hipoteca. Múltiples cuestións...

De aí a importancia de renovar as ilusións; cando unhas rematan hai que relevalas por outras no noso día a día, e encontrar razóns para ilusionarse aínda que os ventos veñan en contra, ou haxa forte marusía.

En resumo, poderíamos dicir que a ilusión funciona como o motor dun coche, que nos arrinca da cama cada día na busca de obxectivos, de proxectos e de metas. Pero que sucede se ese motor un día se para e non funciona?

Pois a resposta é á par sinxela e tremendamente complicada, porque non queda outra que ir ao taller. E cada quen debe buscar o taller máis axeitado. Sabemos que en cuestións que teñen que ver coa saúde emocional, as persoas tardamos unha media de tres anos en acudir a terapia.

Alguén estaría tres anos cun óso roto, con dor continuado ou cunha ferida aberta na cabeza? Pois se respondiches que non, estás preparado/a para buscar o teu taller.

MARTA PIÑEIRO

Municipal

Pontedeume aproba un orzamento “social e realista” que ascende ós 7,4 millóns

O GOBERNO LOCAL DESTINARÁ MÁIS DE 400.000 EUROS A INVESTIMENTOS, ONDE A CREACIÓN DE NOVAS PRAZAS DE ESTACIONAMENTO NO ANO 2022 SUPÓN IMPORTANTES PARTIDAS ECONÓMICAS

O Concello de Pontedeume aprobou nun pleno extraordinario, celebrado o pasado día 3 de decembro, uns orzamentos municipais para o ano 2022 de 7.359.773,88 euros, un 3% máis que o ano anterior.

“É un orzamento social, realista coa situación económica e sanitaria que estamos a vivir, pensado por e para os veciños e veciñas de Pontedeume, que tenta recoller na medida do posible as demandas da veciñanza e das distintas entidades e organizacións do noso tecido asociativo, mantendo e incrementado os servizos aos nosos veciños, e todo isto sen subir ningún imposto ou taxas municipais”, explicou o concelleiro de Facenda, Daniel Ríos, que incidiu na importancia do mantemento e mellora dos servizos que o Concello presta aos cidadáns.

Nestas novas contas presentadas polo grupo de goberno destaca un incremento de case o 7% no gasto social en rela-



As contas foron aprobadas nun pleno extraordinario.

ción ao ano 2021 (un 20% de acumulado no que vai desta lexislatura), “é un importante esforzo inversor de preto de 400.000 euros, destacando a creación de novos aparcadoiros públicos, con máis de 120 novas prazas no casco urbano”, apuntou, pola súa parte, o alcalde, Bernardo Fernández Piñeiro.

Deste xeito, o Concello defende unha “aposta clara pola xeración de emprego”, xa que habilita unha partida propia

para complementar o plan de emprego da Deputación da Coruña, o que vai permitir contratar máis persoal a través deste mecanismo, que medra un 40% con respecto ao orzamento municipal do ano anterior. Este incremento posibilitará tamén un reforzo dos departamentos de vías e obras, xardinería e servizos.

Nos detalles do capítulo de investimentos, que están dotados de preto de 400.000 euros, sobresa a creación de aparcadoiros na avenida do Peirao e na avenida Ricardo Sánchez, o que permitirá contar con máis dun centenar novas prazas para vehículos, e continuar así coa creación de aparcadoiros preto dos cementerios en parroquias, un plan posto en marcha na anterior lexislatura en Andrade e que se levará a cabo o vindeiro ano nas parroquias de Boebre, Vilar e Ombre.

“A creación de máis prazas de estacionamento é unha

prioridade para o noso goberno local, que a través destes orzamentos fortes e realistas ampliará o número existente, cumprindo así coa demanda trasladada historicamente por veciños e veciñas, comerciantes e visitantes”, engadiu o alcalde, Bernardo Fernández Piñeiro.

Así mesmo, o Concello indica que se manteñen os “elevados índices de investimento” nas áreas de Cultura, Turismo e Deportes, seguindo a senda dos anos anteriores.

Municipal

As Pontes constrúe unha nova pasarela peonil sobre o Eume

A Xunta de Goberno Local das Pontes aprobou o expediente de licitación para a construción dunha nova pasarela peonil sobre o río Eume, paralela á ponte de Isabel II, acorde coa contorna e adaptada ás medidas de accesibilidade vixentes.

O proxecto, dotado de 168.441 euros con cargo á Deputación, ten como obxectivo mellorar a accesibilidade e mobilidade no casco urbano e garantir unha mellor calidade de vida entre toda a veciñanza, minimizando ao mesmo tempo o impacto visual.

Así, procederase á substitución da actual pasarela por outra con xeometría triangular que permitirá minimizar o impacto visual da estrutura, sen entrar en conflito co patrimonio histórico da vila.

Sobre esta estrutura instalase unha plataforma peonil con acabado en tarima de madeira tecnolóxica que, a través de diversos planos, evitará a formación de pantallas verticais que dificulten a visión da contorna e creará unha zona de tránsito “máis ampla, cómoda e segura”, de

dous metros de ancho, para os peóns.

Contará con diversos reforzos estruturais metálicos e outros elementos modulares, coas mesmas características que a zona de tránsito, para evitar torsións e soportar as varandas da pasarela peonil.

Co obxectivo de potenciar unha imaxe de unidade e lograr a perfecta integración coa contorna, os elementos de aceiro pintaranse. A actuación tamén contempla a instalación de alumado led en liña, baixo os pasamáns.



O proxecto ten un orzamento de 168.441 euros.

Municipal



O alcalde das Pontes, Valentín González Formoso, supervisou os traballos.

As Pontes avanza na renovación do pavillón de Monte Caxado

O alcalde das Pontes, Valentín González Formoso, acompañado polo concelleiro de Deportes, Chicho Tembrás, visitou as obras de renovación integral do pavillón polideportivo Monte Caxado, un proxecto valorado en 228.796,59 euros e financiado conxuntamente pola Deputación da Coruña e o Concello.

O rexedor local explicou que “esta é unha obra moi necesaria”, xa que “o pavillón foi construído a finais dos anos 80 e só sufriu rehabilitacións parciais”. “Por iso, precisa dunha actuación en profundidade para responder á demanda existente no Concello, xa que nestas instalacións, ademais do uso do propio centro educativo, tamén se practican baloncesto, fútbol sala, patinaxe e outras actividades deportivas”, engadiu González Formoso.

As obras que se están levando a cabo inclúen a rehabilitación do tellado para mellorar

a saúde e as condicións de illamento térmico de toda a edificación. Con tal fin, eliminarase o material de revestimento de fibra de cemento e o falso teito para substituílo por un panel sándwich, incorporando dous aireadores na dorsal da cuberta para mellorar a renovación do aire interior.

Ademais, rehabilitarase gran parte da fachada para mellorar tamén as condicións de illamento térmico e sanitario do pavillón polideportivo, así como a súa iluminación natural para o que se instalará un illamento interior coas mesmas características do tellado e, así mesmo, as follas de poliéster da fachada tamén se substituirán por outras de policarbonato compacto con tratamento de protección contra os raios UVA.

O proxecto tamén contempla a renovación do pavimento na pista, adaptado ás demandas das diferentes disciplinas

deportivas que se practican con frecuencia nestas instalacións. Deste xeito, disporase un pavimento deportivo con acabado en tarima de madeira para uso multiusos de interiores e de alta competición, axeitado para a práctica de fútbol sala, baloncesto e deportes sobre rodas como o patinaxe e o hóckey sobre patíns.

Substituirase, así mesmo, a iluminación actual da zona deportiva, substituíndo as lámpadas existentes por luminarias de tecnoloxía LED para reducir o consumo de electricidade e mellorar a eficiencia enerxética e luz deste edificio.

A Deputación da Coruña aprobou por unanimidade do pleno este proxecto de rehabilitación. O convenio asinado co Concello contempla que a institución provincial aporta un total de 180.000 euros, facéndose cargo deste xeito do 80% do custe dos traballos que se están a executar.

Economía

Piden alargar a reactivación da térmica ata 2022

O Comité de Crise das Pontes reuniuse para abordar a situación a presente e futuro da central térmica de Endesa, que despois de anunciar o peche reiniciou a actividade no grupo 1 o pasado día 22 de novembro, pero cun horizonte “aínda incerto para o 2022”.

CCOO, CIG e UGT, xunto ao Concello e outras entidades, entenden que “as esca-

sísimas explicacións e a falta de garantías ofrecidas ata a data pola empresa respecto deste cambio de estratexia son insuficientes”, como o son as necesarias “garantías de emprego para os traballadores da central e das auxiliares”. Así, os sindicatos esixen que a posta en marcha da central teña continuidade ata articular unha “alternativa sólida”.



Endesa reiniciou a actividade no grupo 1 o 22 de novembro.

Cultura

Cabanas prepara a organización dun Clube de Lectura

A área de cultura do Concello de Cabanas está a organizar un Clube de Lectura na localidade, polo que vén de abrir o proceso para que as persoas interesadas poidan comunicar o seu interese en participar do mesmo.

Trátase dunha actividade que se realizará de maneira presencial. Os integrantes reuniránse unha vez ao mes para comentar e valorar os libros propostos tanto pola animadora cultural, que será a súa coordinadora, como polas persoas que participen.

Desde o Concello de Cabanas sinalan que “non hai que ser unha persoa lectora experta”, dado que a actividade está

pensada para persoas con inquietudes culturais, vontade de ler e que queiran expresar as súas opinións sobre as lecturas propostas.

De cara a organizar o grupo, ábrese o prazo para que as persoas interesadas envíen por correo electrónico a cultura@cabanas.gal nome e apelidos, ademais dun teléfono de contacto.

O Concello traballa co obxectivo de fixar unha reunión con todas as persoas que se anoten de cara a marcar os días da reunións. Se o número de participantes é suficiente, farase un grupo de mañá e outro de tarde.

Municipal

O Concello de Pontedeume saca a licitación obras de mellora viaria

OS ESPAZOS DE APARCADOIRO DA AVENIDA SAAVEDRA MENESES E DA RÚA TORRENTE BALLESTER SERÁN RENOVADOS E MELLORADOS

O Concello de Pontedeume sacou a licitación por 210.000 euros as obras de renovación e mellora dos espazos de aparcadoiro da avenida Saavedra Meneses e da rúa Torrente Ballester, dúas vías moi concorridas do municipio.

No caso do aparcadoiro da avenida Saavedra Meneses, os traballos, ao carón da antiga confraría de pescadores, contan cun orzamento total de 95.492,18 euros. “Consistirán no acondicionamento dun espazo que se atopa en pleno tramo do Camiño Inglés, na entrada ao núcleo de Pontedeume, dándolle un tratamento adecuado a súa significación”, explicou Daniel Ríos, concelleiro de Obras.

Na zona de paseo ao carón do mar, elimínanse os múltiples pavimentos existentes e substitúense por un novo chan de lousa, que continúa o cami-



Os traballos na avenida Saavedra Meneses servirán para mellorar a zona de aparcadoiro.

ño desde a ponte de Pedra ata o paso de peóns que permite o cruce cara a praza de España, diante da antiga confraría.

Na zona do aparcadoiro eliminarase o asfalto, que será substituído por un pavimento de formigón. Ademais, o departamento de Obras de Pontedeume busca mellorar as actuais zonas verdes, proxec-

tando novos bancos de madeira, así coma a renovación da iluminación, que irá suxeita ao chan.

No caso da mellora do aparcadoiro na rúa Torrente Ballester, os traballos consistirán na pavimentación da vía con formigón de quince centímetros de espesor.

Ademais, o Concello con-

templa tamén a execución da infraestrutura para a recollida superficial das augas pluviais e a construción dun muro no tramo final da rúa de 54 metros de lonxitude e 3,50 metros de altura media. Este terá pedras de granito para a contención de terras e sobre el colocase unha varanda metálica de protección.

O orzamento total das obras ascende a 113.966,31 euros.

Por outra banda, en decembro finalizaron as obras de mellora dos camiños de Covés, en Nogueirosa; Os Castros, en Andrade e Paredes y Ber, en Boebre. Ademais da pavimentación, as obras consistiron no levantamento de tapas e arquetas, así coma o pintado e sinalización.

Municipal

Retirados os colectores subterráneos de Praza de España e da Calzada

O Concello de Pontedeume comezou a retirada dos colectores de lixo soterrados da Praza de España e da Praza de San Roque (Praza da Calzada) polo mal uso que se facía deles e as súas avarías frecuentes.

“Trátase dunha vella demanda veciñal, motivada tanto pola mala ubicación dos mesmos, coma polo pouco e mal uso que deles se fai, ao que debemos engadir as constantes avarías, así coma os malos cheiros que provocan ao non poder estar conectados ao saneamento para así evacuar as augas sucias que acumulan no seu interior”, explicou o alcalde, Bernardo Fernández.

Tamén avanzou que, despois destes, comezará a eliminación



Trátase dunha demanda veciñal motivada pola “mala” ubicación.

dos contedores das prazas do Convento e do Conde.

Desta forma, remarcou o

rexedor de Pontedeume, mellorarase “a imaxe destas dúas prazas da nosa vila”, ás que, a me-

dida que se conte coas pertinentes autorizacións, “iranse sumando outras, coma a Praza do

Convento e do Conde, onde tamén se procederá á retirada deste tipo de elementos”.

Nalgunhas zonas e sempre que sexa necesario, serán substituídos por elementos en superficie cun peche perimetral de madeira, que se instalarán nas inmediacións. “Seguimos mellorando Pontedeume”, exclamou o alcalde.

Estes traballos comezaron primeiro na Praza de España, na que se colocou unha serie de valos co fin de manter a seguridade das persoas e dos vehículos.

Despois, os operarios comezaron a eliminación dos colectores de lixo soterrados na Praza da Calzada ou Praza de San Roque. Ámbalas dúas retiradas, que foron aplaudidas polos veciños, precisaron unha autorización de Patrimonio.

Ademais, Pontedeume non é o único concello da zona que rexeita os colectores soterrados nas súas prazas, pois Narón e Cedeira tamén mostraron a súa oposición a este tipo de elementos.

Municipal

Pontedeume aproba o seu plan de Mobilidade Urbana Sostible

A VECIÑANZA PARTICIPOU NA ELABORACIÓN MEDIANTE UNHA ENQUISA EN LIÑA E ENCONTROS

A Corporación municipal do Concello de Pontedeume vén de aprobar en pleno por unanimidade o Plan de Mobilidade Sustentable (PMUS). Este programa estratéxico convértese nunha ferramenta fundamental para a xestión de aparcadoiros, a reformulación e simplificación de fluxos rodados e a mellora da conectividade peonil e ciclista. Revolucionará a planificación e implementación de liñas estratéxicas relacionadas con estes asuntos tanto a curto, a medio, como a longo prazo.

Ademais, trátase dun documento necesario para a obtención de fondos europeos de mobilidade sustentable que melloren os desprazamentos internos nos núcleos de poboación e entre concellos próximos.

As propostas proceden dos estudos realizados durante os últimos meses sobre distribución poboacional, centros xeradores de mobilidade, equipamentos municipais, distribución de aparcadoiros actuais, conteo de estacionamentos, vados e os hábitos e horarios dos diferentes grupos poboacionais do concello, tanto residentes como visitantes, así como de análises estatísticos e tendencias.



O documento busca ser unha ferramenta fundamental para a xestión de aparcadoiros.

Os veciños e veciñas de Pontedeume tiveron tamén un papel esencial na elaboración deste plan coa súa participación activa. Nos últimos meses, o Concello de Pontedeume habilitou unha enquisa en liña para que os residentes no municipio compartisen a súa visión. Ademais, realizáronse distintos encontros cos cidadáns para re-

coller a súa opinión e trasladala ás propostas deste novo plan.

Deste xeito, o documento recolle a realidade de Pontedeume e propón alternativas viables para a mellora da mobilidade, así como novas estratexias de estacionamentos aunando as necesidades dos residentes e visitantes con niveis de rotación razoables.

O Concello de Pontedeume asegura que esta labor foi un traballo “exhaustivo” que continuará durante os seguintes meses do ano 2022 coa elaboración do plan de implementación e comunicación. Este buscará reflexar as diferentes vantaxes e beneficios que suporá a execución de todas as iniciativas recollidas.

Servizos Sociais



O programa ‘Xantar na casa’ chega a Monfero con vinte prazas

O Concello de Monfero puxo en marcha en colaboración co Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar o Programa ‘Xantar na Casa’. Trátase dun servizo de comida a domicilio que pretende “facilitar e garantir unha alimentación equilibrada e de calidade adaptada ás necesidades das persoas maiores, dependentes ou en situación de exclusión social”.

Poderanse beneficiar deste programa ata vinte usuarios. Vá dirixido a persoas empadroadas e residentes no municipio que cumpran un de tres requisitos. Neste sentido, os usuarios deben ser individuos maiores de sesenta anos que teñan limitada a súa capacidade de autonomía persoal e sen rede de apoio; persoas dependentes, ou ben persoas menores de sesenta anos en risco de exclusión.

A realización do servizo consiste no reparto un día á semana no propio domicilio das sete bandexas dos menús semanais —un por cada día—, que inclúen un primeiro prato, un segundo e a sobremesa. Tamén se poden proporcionar electrodomésticos ás persoas que carezan deles.

O prezo por menú é de 6,60 euros, tendo unha aportación por parte do usuario de só 1,76 euros por menú diario. O custe restante é asumido polo Concello e polo Consorcio Galego de Igualdade e Benestar, pertencente á Consellería de Política Social.

Os usuarios son seleccionados polos servizos sociais municipais, mentres que a Xunta asume o 50% do custe da comida.

Os veciños e veciñas que estean interesados e interesadas poden solicitar unha cita previa no Departamento de Servizos Sociais do Concello de Monfero no teléfono 881028455 para obter máis información sobre esta iniciativa.

Municipal

Rematan as obras de mellora en varias estradas de Cabanas

O Concello de Cabanas, a través da área de Parques e Infraestruturas, rematou os traballos de mellora do firme en varios viais municipais, entre os que se inclúen os camiños de Horta, Pereiro, Río dos Carneiros, Rolo e Muíño, ademais do parque de Pedra do Couto, no que se acondicionaron as instalacións recreativas. En conxunto, todas estas intervencións suman preto de 159.000 euros de investimento e contan con financiamento da Deputación provincial da Coruña.

“As actuacións que veñen de concluír supoñen avanzar no plan de mellora de camiños e parques municipais posto en marcha polo goberno local”, sinalou a concelleira do departamento de Infraestruturas, Concepción Rodríguez, quen



As actuacións sumaron preto de 159.000 euros.

avanzou tamén que se porán en marcha novas actuacións noutros puntos do concello.

Inicio das obras na Veiga

Desde a Concellaría de Infraes-

truturas do Concello de Cabanas informan, así mesmo, do inicio das actuacións de conexión da rede de sumidoiros desde a área recreativa da Veiga até Batán —tramo que co-

rresponde á segunda fase—. Estes traballos supoñen o investimento de preto de 90.000 euros, tamén con cargo ao Plan Único (POS) da Deputación da Coruña.



As Pontes de
García Rodríguez

Respecta as normas



COIDA DE TI, COIDA DE TOD@S

Turismo

As Pontes logra a Compostela para o Camiño Mondoñedo Ferrol

O ALCALDE, **VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO**, CELEBROU ESTE FITO POR SER UN MECANISMO DE "XERACIÓN ECONÓMICA" E UN RECURSO TURÍSTICO, HISTÓRICO E PATRIMONIAL

As Pontes recibiu a concesión da compostela para un dos camiños reais que transcorren polo municipio. "É un día que ten moita importancia para nós. Este anuncio, que se referencia coa presenza do bispo de Mondoñedo Ferrol, permítenos facer público o decreto asinado, en xullo de 2021, polo Canónigo Delegado de Peregrinacións do Cabido da Catedral de Santiago de Compostela, no que se confirma o recoñecemento do camiño de Santiago ao seu paso polo municipio das Pontes", destacou o alcalde Valentín González Formoso.

Así mesmo, o rexedor subliñou que "conleva a posibilidade, nunca imaxinada, de poder expedir a compostela na nosa vila, en Xermade, en Muras e en cada un dos concellos polos que transcorre este novo camiño, que vai desde Mondoñedo a Ferrol, e ao que propoñemos denominar O Camiño do Bispo".

González Formoso fixo fincapé na importancia desta concesión que dota aos concellos dunha nova ferramenta que supón innumerables beneficios desde distintos puntos de vista.

"Non é so un mecanismo de xeración económica, que o é e o pode ser se non deixamos que sexa unha mera declaración, pero é tamén un recurso turístico, histórico e patrimonial".

Tras este anuncio comezará un proceso administrativo para rexistrar, en paralelo ao eclesiástico, o recoñecemento do Camiño do Bispo como camiño cultural e, a continuación, abordarase unha nova fase que permita a



incorporación definitiva do Camiño Real, que vai de Mondoñedo a Ferrol, ao Camiño de Santiago.

Valentín González Formoso reuniuse con representantes de Xermade, Muras, Abadín e Neda.

Achégate, desfruta, merca e **descubre**

Pontedeume
FELIZ 2022



EN FOCO

VACALOURAS, ECOTENDA78 E 4ECONARÓN SON EXEMPLO DO CRECEMENTO NOS ÚLTIMOS ANOS DE LOCAIS COMERCIAIS ALTERNATIVOS E CONCIENCIADOS COS VALORES DE SUSTENTABILIDADE E PROXIMIDADE NAS COMARCAS DE EUME E FERROLTERRA



A tenda de Olaia céntrase no produto de horta.



En 4EcoNarón véndese a granel para reutilizar os envases.

“Decidimos máis coa nosa compra diaria que co noso voto”

O consumo responsable preocupa cada vez máis á cidadanía. É por iso que na comarca de Ferrolterra xorden comercios alternativos concienciados cos valores de sustentabilidade e proximidade, como Vacalouras, ecotenda78 o 4EcoNarón.

O proxecto de Olaia Fernández comezou hai dúas décadas, formando parte dunha asociación de consumidores que se converteu na segunda cooperativa de consumidores galega. A súa implicación fixo que hai seis anos decidise abrir Ecotenda78. “É un proxecto familiar e de vida. Comezamos a miña parella e mais eu, e temos unha horta certificada”, explica ilusionada.

Para ela, o principal era ter acceso a produtos ecolóxicos e locais, e o produto da horta é a base do seu negocio. “Quero promover a rede que se crea de proxectos locais, que favorece o emprego rural”, apunta. Solo traballan con produto ecolóxico certificado, o que implica as garantías de que non levan químicos.

“Eu quero apostar pola venda directa, de proximidade, por ser unha tenda de barrio”. Ten tamén un comercio online para pedidos puntuais, pero unha das partes favoritas do seu traballo é o contacto coa xente no seu local ferrolán. “Eu non vexo sostible a caixa de Amazon aínda que sexa unha caixa sostible”, sostén.

Coidar ó planeta e a nós

Marga Rodríguez tiña dúas



A tenda de Vacalouras é pequena, polo que Fernanda e Rebeca escollen os produtos con coidado.

preocupacións principais. A primeira eran os contaminantes e o seu destino final. Quería usar produtos máis respectuosos coa natureza e coa pel. A segunda era a grande cantidade de plástico que se usa.

Así xurdiu 4EcoNarón, un local de deterxentes e produtos de limpeza ecosustentables a granel. O que diferencia ao seu negocio é que produto é bio-

degradable ata o 98%, pois desaparece na natureza nuns días. Ademais, as vendas son a granel e créase unha economía circular.

Na tenda teñen tanto produtos de limpeza como de hixiene persoal. “Os champús sólidos teñen moito éxito, as pastas de dentes, os cepillos... Mesmo os rolos de papel hixiénico sen branquear e a granel”,

explica esta propietaria concienciada, que denuncia que “isto de usar e tirar vai ser o noso fin”.

Considera que nosa compra afecta o planeta moito máis do que pensamos. “A xente agora compra moito en liña. Non pensamos nos quilómetros, nos carburantes, e non temos conciencia dos tóxicos que nos rodean”, advirte.

Vacalouras, deseño sostible

Os horarios laborais de Fernanda Cuiña e Rebeca Ros eran imposibles, así que a súa idea inicial foi tentar concienciar a familia co traballo. Decidiron apostar pola agricultura ecolóxica, xuntar os seus talentos e solicitar un posto no mercado municipal. Así é como naceu Vacalouras.

“Xuntamos a sustentabilidade e o deseño coa idea de crear algo novo, diferente e que sexa de aquí”, conta Fernanda. Para elas, é importante que os seus produtos sexan da zona, e que xeren o menor número de residuos posible. “Tentamos aproveitar as nosas viaxes, por exemplo a Cambados e Vigo, para traer cousas”, explica decidida.

O tamaño reducido da súa tenda no mercado municipal de Pontedeume fai que os seus artigos sexan escollidos con moita consideración. “Todo ten unha razón de ser, decidimos o que nos satisfai a nós, pero tamén estamos nun mercado e a xente de aquí nos di as cousas que quere”. Un dos seus produtos estrela é o xabón ‘Natulóxico’, que se fai reciclando o aceite das casas.

“A idea é que isto vai para adiante, que nos dea para vivir tranquilas e que funcione; visibilizar este tipo de ideas e poder vivir do que nos apasiona, así como ter sinerxías con cooperativas e que se faga unha rede”, detalla, para finalizar, Fernanda Cuiña.

Municipal

Valdoviño duplicará a súa superficie edificable no rural

PASARÁ DE TER 53 NÚCLEOS RURAIS A 91 TRALA MODIFICACIÓN DO PLAN



A modificación do plan aprobada polo Concello de Valdoviño para incorporar 38 novos núcleos rurais atópase en fase de exposición pública. Os veciños contan cun prazo de dous meses para revisar a documentación, publicada na páxina web municipal e dispoñible tamén no consistorio local.

Con esa modificación, Valdoviño pasará de 53 núcleos rurais delimitados a 91, duplicando practicamente a superficie edificable.

Complementariamente á publicación en boletín oficial, o Concello tamén notificará por correo a todas as persoas que figuren como propietarios catastrais dos terreos.

E, en paralelo, a Administra-

ción local está a requirir informes sectoriais pertinentes.

O expediente de delimitación de núcleos rurais remóntase ao ano 2018, cando a proposta do Concello, a Xunta de Galicia incorpora no Plan Básico Autonómico unha serie de asentamentos de poboación susceptibles de delimitarse como núcleos rurais, ampliando así a capacidade para edificar nestes espazos.

A partir de aí, as xestións continúan na Deputación provincial da Coruña e o Servizo de Asistencia Técnica aos Municipios procede á súa delimitación. Un traballo codo con codo co arquitecto municipal.

Eses núcleos incorporaranse ao futuro Plan de Ordenación

Municipal, hoxe en fase de redacción. Na parroquia de Lago: A Bouza da Cabra-Soutullo, Preitela-O Penido, Viansil, O Vilar; en Valdoviño: Bacorelle, A Cachaveira, O Chamoerro, A Costeira-Gonzalvite, A Mourela, O Pereiro, O Portodoso, A Rocha; na parroquia de Pantín: A Ramalleira, O Xestal; na de Vilarrube: O Castro-A Escola, As Ferrerías, As Folgueiras, Liñeiro, O Puntal, Quengo; Loira: Candaíl, Crecente, Loiravella, Os Martices, A Rañoa; en Vilaboa: Os Bidueiros, O Camiño Grande, O Caneiro, A Carbeira, Pena do Boi, San Pedro, O Seixidal, A Vilaxe, Vilela, e en Meirás: A Cubeta, O Amedo Sequeiro: O Seixidal.

Patrimonio



A antiga fonte da Vila do Río, en Cedeira, recupera o esplendor de antano

Xa remataron as obras de rehabilitación da antiga fonte da Vila do Río, na parroquia de San Román, en Cedeira. É unha intervención coa que o Concello avanza no plan de recuperación de fontes e lavadoiros, elementos da arquitectura popular que cómpre conservar; en palabras do alcalde, Pablo Diego Moreda Gil, “porque son parte da nosa historia, lugares de encontro na vida cotiá dos nosos avós, especialmente das avoas, que non queremos ver en ruínas”.

Neste caso, a intervención contou cun orzamento de algo máis de 19.000 euros, dos que 10.000 procedían dunha axuda xestionada polo goberno local diante do Instituto de Estudos do Territorio da Xunta de Galicia. Concretamente, a subvención correspondía a un programa para a correc-

ción de impactos paisaxísticos.

A empresa Kaizen Management realizou os traballos de albanería, mentes que Carpintería López y Villadóniga se encargou da reconstrución da estrutura de madeira da cuberta. Os traballos consistiron na roza da zona, a demolición da anterior cuberta de pizarra e do entramado de cimbros de madeira que a sustentaban, así como na limpeza da estrutura de formigón e o chapado dos paramentos e o solo con pezas irregulares de pizarra. Ademais, colocáronse novas vigas de madeira de abeto e un teito de pizarra, e reparouse o sumidoiro e as tubaxes correspondentes.

A fonte da Vila do Río súmase así ás da Barca, Fernando Lago, da Area e de Vilar, que xa rehabilitou o Concello.

Infraestruturas

Rematada a nova senda peonil na contorna de Pedrós

Este pasado mes de decembro o Concello de Ares deu por concluída a instalación dunha nova senda peonil entre ambos espazos, continuando co trazo existente da primeira fase de mellora.

A finalización deste tramo, engadido ó anterior proxecto, materializa un compromiso electoral previo que respondía ás novas necesidades infraestruturais da zona.

A concellaría de Urbanismo vén de anunciar este mes de decembro o remate dos traballos de mellora da seguridade vial na área de Pedrós, dende a Cidade Deportiva ata o seu propio núcleo rural.

A intervención centrouse na instalación dunha nova senda peonil en formigón coloreado que conectase ambos espazos e garantise a seguridade inte-

gral na circulación tanto de vehículos coma de peóns.

O importe dos traballos executados ascendeu a 120.060,31 euros, sufragados con cargo aos fondos provinciais do POS+2020, e que se engaden ao investimento de 122.554,40 euros realizados na primeira fase, a que se acometeu dende o cruzamento da Avenida Federico García Expósito ata a Cidade Deportiva.

A finalización deste proxecto continúa a senda peonil levada a cabo previamente, cun itinerario reservado para peóns de 1,8 metros de ancho libre. Analogamente ó realizado na fase anterior, instalouse unha nova rede de pluviais, canalizacións da rede eléctrica e retranqueos de postes.

Coa finalización de ambos tramos, o goberno municipal materializa un dos seus com-

promisos electorais, dando resposta ás necesidades e particularidades de toda a área: o espazo de Pedrós, amais de servir de acceso ao humidal da Xunqueira e á cidade deportiva, é unha vía de saída do casco urbano pola AC-133 e experimentou un crecemento polo propio núcleo rural e a súa incorporación como tal á nova planificación urbanística do Concello.

Economía



Valentín González Formoso destacou a “capacidade produtiva” e a “importancia da diversificación” para o futuro da comarca

“Ferrolterra non só fai barcos e pode ter un futuro laboral apaixonante”

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA, VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, PARTICIPOU NAS XORNADAS ‘IMPULSANDO O DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO DE FERROLTERRA’

O presidente da Deputación da Coruña, Valentín González Formoso, participou este pasado mes de decembro nas xornadas ‘Impulsando o desenvolvemento económico de Ferrolterra’, organizadas pola Asociación de Empresarios de Ferrolterra en colaboración coa Deputación. Alí, o presidente provincial e secretario xeral dos socialistas galegos destacou a importancia da “diversificación” para o futuro da comarca de Ferrolterra, que cualificou como “apaixoante”.

Para González Formoso o futuro que ten por diante a comarca de Ferrolterra “que está, de por si, moi diversificada, é apaixonante”. “Unha comarca que non só fai barcos, que conta con todos os elementos para ter futuro desde o punto de vista laboral e da recuperación demográfica, un dos retos para Galicia”, explicou.

O presidente provincial fixo referencia ás potencialidades de Ferrolterra, que “conta con infraestruturas portuarias pun-

teiras e que debe aproveitar a súa ubicación porque, aínda que desde o punto de vista peninsular estamos no extrarradio, desde o punto de vista mundial temos un emprazamento estratéxico para ser primeira forza en chegada de materias primas, estando situados nunha das principais rutas marítimas do mundo”.

Outra das fortalezas da comarca que repasou no seu discurso foi a conexión viaria “con infraestruturas consolidadas como pode ser a AP-9” e fixo fincapé no transporte ferroviario, “a gran asignatura pendente”. “Non se pode estar falando de que chega o AVE a Galicia e que, en cambio, para ir ata a Coruña Ferrolterra prefira optar por un autobús. É unha demanda que temos que pelexar constantemente e reclamarlla ao Estado e estou convencido de que vamos a ser capaces de logralo”, subliñou.

Necesidade de solo industrial
En canto ao solo industrial,

salientou que en Ferrolterra hai “unha oferta considerable” e citou exemplos como o de Narón que conta cun polígono de preto de tres millóns de metros cadrados, o polígono que comparten Fene e Cabanas en Vilar do Colo con preto dun millón de metros cadrados e en As Pontes hai dous millóns e medio de metros cadrados entre as súas áreas industriais”.

Aínda así “non chega e temos que reclamar á Xunta que faga política industrial en canto a cha. As grandes apostas de solo industrial están feitas polo Ministerio, polo SEPES, e necesitamos que o Instituto Galego da Vivenda e o Solo considere en que localidades da comarca hai necesidade de chan industrial para facilitala”.

Referiuse ás “grandes potencialidades naturais que existen” e ás que “non podemos renunciar”. “Do eido forestal viven decenas de persoas, non podemos negarnos á implantación das empresas

eólicas, a cuestión é facelo con cabeza, favorecendo parques e promotores que se consideren estratéxicos porque aposten por este país e levan un proxecto industrial asociado”, destacou.

Por último, fixo unha chamada a “falar en positivo, medrar e intentar poñer o mellor de nós mesmos a prol desa capacidade produtiva da comarca, que a hai e que é moitísima, en todos os ámbitos” e lembrou que “hai proxectos multimillonarios para a comarca, que teñen o respaldo local, autonómico e social, e polos que estou cruzando os dedos todos os días e durmindo a metade de horas pensando en que nalgún momento haberá un informe que os bloquee e que signifique que non poidan quedarse na miña vila os rapaces e rapazas que están pensando en marcharse”. “Para que iso non pase temos que esixir á administración que estea ao servizo da cidadanía e non a cidadanía ao servizo da administración”, rematou.

Economía

Neda convoca unha liña de axudas ‘anticovid’ para pemes e autónomos

O Concello de Neda habilita unha nova liña de subvencións destinadas a paliar o impacto derivado da crise socioeconómica ocasionada polo covid-19 sobre as pequenas empresas e persoas traballadoras autónomas do municipio. Consistirán nunha axuda de importe máximo de 1.000 euros. O Concello reservará unha partida de 70.000 euros ampliable. A presentación de solicitudes deberá realizarse a través da sede electrónica a partir do 28 de decembro durante 10 días hábiles.

Con elas, as persoas beneficiarias poderán financiar gastos estruturais e de funcionamento correntes, podendo dirixirse aos gastos de aluguer de local ou vehículos da empresa, gastos hipotecarios do local ou sede social da empresa, dixitalización do negocio, nóminas de traballadores, cotas á seguridade social dos traballadores ou empresario autónomo, subministracións de materias primas ou subministracións (como electricidade, auga, gas...)

Estas axudas van dirixidas a persoas traballadoras autónomas con ou sen traballadores ao seu cargo, microempresas, pequenas empresas, comunidades de bens, sociedades civís ou entidades económicas empresariais sen personalidade xurídica con domicilio en Neda e cuxa facturación se vira reducida, polo menos, nun 25% no exercicio 2020 con relación o exercicio 2019. Entre outros sectores de actividade, taxistas, hostalería, hospedaxes e pensións, traballadores do sector da verbena, perruquerías ou comercios.

Esta nova liña de subvencións trata de completar as axudas xa outorgadas con anterioridade polo concello no ano 2020, como foron as axudas para o impulso da actividade económica no termo municipal de Neda, para paliar os efectos do covid-19, financiada con cargo ás axudas do PEL-RE-ACTIVA de concellos adheridos ao fondo de financiamento para a reactivación económica e social da provincia de A Coruña financiadas nun 20% con fondos propios.

Infraestruturas

Cariño instala un parque infantil e proxecta outro de calistenia no paseo



No novo parque de Feás instaláronse novos xogos para os nenos e máquinas biosaudables para os maiores.

O 90 POR CENTO DAS SOLICITUDES QUE SE PRESENTARON A ESTE PROGRAMA MUNICIPAL RESULTARON APROBADAS

O Concello de Cariño reforza a súa aposta polo fomento da actividade deportiva no municipio coa instalación do primeiro parque de calistenia do municipio, que estará situado en pleno paseo marítimo, nunha zona verde á altura da rúa Río Seixo.

O proxecto, que conta cun orzamento de 26.589 euros e que acaba de ser adxudicado, permitirá crear un espazo rectangular de 235 metros cadrados, unha superficie de herba natural e 8 aparellos xunto cos seus correspondentes carteis informativos para o seu uso correcto. Ademais, a actuación inclúe a instalación de 3 bancos e 2 papeleiras para completar o conxunto.

Os aparellos que se instalarán o parque de calistenia son: catro bancos de salto, barras paralelas, barras de flexións, banco de exercicios, barra de equilibrio, gaiola de exercicios (equipada con barras simples, pórtico de argolas, escaleira inclinada, barra de dominadas, barras triangulares, espaldada e escaleira horizontal).

O alcalde de Cariño, José Miguel Alonso Pumar, recorrou que este tipo de proxectos “que permiten aos veciños e



veciñas de Cariño practicar deporte ao aire libre dunha forma fácil, accesible, e para todos os públicos nunha contorna privilexiada como é do paseo marítimo”.

Nova instalación infantil

Ademais, este pasado mes de decembro finalizaron os traballos de construción dun novo parque público na parroquia de Feás, un proxecto valorado en 33.358,22 euros e financiado a través do Plan Único da Deputación dá Coruña. Este novo equipamento instalouse nunha parcela de 450 metros cadrados previamente adquirida polo Concello e próxima ao campo da festa da parroquia.


A actuación incluíu a construción dun parque con zonas verdes, delimitadas por un bordo e pavimento para os peóns de zorra fina. Ademais, instaláronse os corres-

pondentes peches, o mobiliario urbano (bancos, papeleiras e unha fonte), formáronse dúas zonas de xogo con pavimento de caucho para os máis pequenos e tamén se trasladaron alí 5 máquinas de exercicio biosaudable para os adultos, xa adquiridas e que temporalmente foran situadas noutro lugar.

O proxecto tamén permitiu acondicionar unha chaira de 200 metros cadrados de acceso ao novo parque, que antes se atopaba maioritariamente en estado natural e pavimentouse con aglomerado asfáltico para permitir o estacionamento de vehículos.

Miguel Alonso Pumar destacou que “era un investimento pactado previamente cos veciños e veciñas da zona e agora os máis pequenos xa teñen preto un espazo moderno onde xogar”.

Servizos



A aplicación pódese descargar no móbil, tanto Android como iOS.

Ortigueira lanza unha nova ‘app’ para notificar incidencias e facer consultas

OS VECIÑOS PODERÁN INFORMAR DE DESPERFECTOS QUE SE ATOPEN NO MUNICIPIO

O Concello súmase aos máis de 500 municipios que a nivel nacional dispoñen do servizo Liña Verde. Unha aplicación móbil a través da que os veciños e veciñas poderán notificar incidencias no municipio e coa que o equipo de goberno local pretende atender as demandas da poboación o máis axiña posible.

O alcalde de Ortigueira, Juan Penabad Muras, animou “a empregar esta ferramenta, a través da que se poderá transmitir información e peticións ás que atenderemos e daremos resposta na maior brevidade posible”, indicou.

O rexedor sinalou que esta canle “ofreceranos a posibilidade de coñecer as demandas e necesidades da veciñanza, que tamén poderá plantexar consultas medioambientais”.

A través desta plataforma os usuarios e usuarias poderán notificar diferentes incidencias en materia de beirarrúas e calzadas, rede de sumidoiros, iluminación, lixo, mobiliario urbano, parques e xardíns, puntos de auga, sinais e semáforos, limpeza, animais abandonados, recollida de mobles e afeños ou vandalismo, entre outros.

Para poder utilizar este novo servizo é necesario proceder á descarga da APP Liña Verde. Para comunicar unha incidencia, basta con picar sobre o botón “Nova

Incidencia”. Un despregable coas diferentes tipoloxías de incidencias aparece en pantalla. O usuario selecciona aquela sobre a que quere comunicar. De forma automática, a APP detecta as coordenadas exactas nas que se sitúa o dano. O seguinte paso é achegar unha foto da incidencia e observación sobre a mesma. Unha vez enviada, persoal do Concello recibe notificación do dano comunicado. A partir deste intre, iníciase os trámites para dar solución á incidencia detectada.

Comunicacións informativas do Concello

Outra das posibilidades que ofrece esta ferramenta é o envío de comunicacións informativas por parte do Concello aos cidadáns que así o desexen. Desta forma, ademais de implantar unha canle para resolver incidencias de mantemento no municipio os veciños tamén poden facer chegar a información de servizo público que se considere oportuna como o corte de tráfico dunha rúa, o horario de determinados espectáculos municipais, ou o corte de auga ou luz que se poida producir en calquera punto.

O Concello de Ortigueira anima aos veciños da súa localidade para utilizar o servizo Liña Verde. A través da implantación deste servizo e grazas a unha importante participación cidadá, pretende lograr un municipio que cumpra coas expectativas de benestar social dos seus veciños.

Turismo

“Camiño a Teixido” promociona a ruta de Santo André en Valdoviño

O PROXECTO TEN UN CUSTE TOTAL QUE ASCENDE A 16.111 EUROS E PERMITIRÁ INSTALAR NOVA SINALÉCTICA PARA MELLORAR O ITINERARIO

Este mes decembro botou a andar o proxecto «Xeración de contidos turísticos e de sinalización para o trazado no Concello de Valdoviño do Camiño Vello a Santo André de Teixido. Camiño a Teixido». Un proxecto co que o Concello busca poñer en valor o patrimonio natural, arquitectónico e inmaterial vinculado á ruta de Santo André de Teixido ao seu paso polo municipio, consolidando o recoñecemento deste itinerario como sinal de identidade.

«Camiño a Teixido» entronca na liña de actuación denominada “posta en valor dunha estratexia turística diversa e de calidade”, concretamente na medida de “creación ou posta en valor de rutas de sendeirismo e roteiros que teñan en conta os elementos ambientais e patrimoniais; así como a promoción de itinerarios interpretativos”, da Estratexia de Desenvolvemento Local Participativo do GALPA Mariña Ortegal, obtendo financia-



mento por este motivo, a través do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca.

O Camiño Vello a Santo André de Teixido parte do Mosteiro de San Martiño de Xuvia, ou popularmente coñecido como Mosteiro do Couto, en Narón, atravesando o municipio de Valdoviño para finalizar en Teixido, en Cedeira.

No termo municipal de Valdoviño é preciso reforzar a sinalética, para facilitar a comprensión deste itinerario, evitando desvíos ou confusións. Ademais, a panelización informativa do camiño atópase degradada polo inevitable paso do tempo e a exposición permanente á meteoroloxía.

Prevese a xeración de novos contidos en galego, castelán e inglés, información técnica do percorrido, e gravación de audioguías nos tres idiomas dos contidos xerados. Aproveitarase a estrutura de paneis actuais localizados nos seguintes puntos: Ermida de Liñeiro (Capela da Fame), Igrexa de Loira e Porto do Cabo. E instalaranse novos monolitos acordes coa sinalización xa executada en todo o percorrido deste Camiño Vello a Santo André de Teixido.

Na promoción da ruta farase especial fincapé nos atributos icónicos da paisaxe e da fisionomía do municipio, a toponimia e o saber popular ligado á memoria mariñeira,

buscando complicitades coa veciñanza á hora de rememorar lendas, anécdotas e achegar datos históricos ou do propio peso do sector marisqueiro, na identidade de Valdoviño.

O proxecto ten un custe total que ascende a 16.111 euros. Durante este mes de decembro de 2021 se iniciaron os traballos de investigación e traballo de campo, para a creación dos novos vinilados, outorgándolle unha mellora de autoestima a un territorio moi singular e con gran potencial de visitas, abrindo o perfil de usuarios a estudosos da historia local, un público familiar, escolares, deportistas ou BTT.

Transporte

ADIF automatizará os 53 km do tramo ferroviario Ferrol-Ortigueira

O Administrador de Infraestruturas Ferroviarias (ADIF) licitou, por 978.902,10 euros, o contrato de subministración e transporte de travesas para a execución dunha nova configuración de vías nas estacións do tramo Ferrol-Ortigueira.

Segundo informa ADIF a través dun comunicado, serán 11.000 travesas monovalentes monobloque de formigón que substituirán aos bloqueos telefónicos e permitirán a automatización do trazado.

En concreto, as estacións nas que se van a realizar as obras de mellora son Ferrol, Xuvia, San Sadurniño, Moeche, Cerdido, Ponche Mera e Ortigueira.

O contrato comprende, entre outras operacións, a fabricación das travesas, a adquisición e colocación das suxeicións, o almacenamento en fábrica, a carga, o transporte do material e a súa descarga na zona de provisión establecida.

O tramo Ferrol-Ortigueira, que forma parte da liña Ferrol-Pravia, ten unha lonxitude duns 53 quilómetros en vía única non electrificada e dotada do sistema de axuda á condución e bloqueos telefónicos entre estacións lindeiras.

Precisamente Adif autorizou o pasado mes adxudicación do contrato para a supresión de bloqueos telefónicos deste tramo por un importe de 13.208.864,01 euros.

Servizos

Adquiridos os terrenos para os depósitos de Pantín e Vilarrube

Valdoviño adquiriu os terreos nos que se instalarán os depósitos que permitirán canalizar o abastecemento de auga á parroquia de Pantín e, nunha segunda fase, a Vilarrube.

A parcela sitúase no lugar de Domondó, e na súa compra a Administración local investiu 3.000 euros. Deste xeito, o Concello continúa dando pasos adiante para dotar deste servizo básico á zona.

Alberto González lembrou que Augas de Galicia adxudicaba en 2020 a redacción do proxecto constructivo da obra de abastecemento a Pantín cun orzamento de 16.844 euros.

Un documento no que se analizaron as alternativas de trazado para a canalización. De aí, a consellería incorporou a opción elixida ás obras de acondicionamento da estrada a Cedeira (AC-566), instalando

xa as conducións na zona de intervención.

O Concello tamén contemplou esta actuación nas obras de acondicionamento da estrada de baixada ao Ariño. O seguinte paso a dar será a redacción dun segundo proxecto constructivo no que se recolla a continuación da infraestrutura cara Vilarrube e, finalmente, a licitación das obras da estación de bombeo.



Municipal

Narón presenta uns orzamentos “récord” para afrontar o 2022

UN ANO MÁIS SON UNS ORZAMENTOS MARCADOS POLA PANDEMIA DA COVID-19 E NOS QUE A PRIORIDADE SERÁ UN ANO MÁIS A ATENCIÓN ÁS PERSOAS

O goberno local de Narón presentou este pasado 23 de decembro os orzamentos municipais do vindeiro ano. O documento contable de 2022 ascende a 35.589.795 euros e presentouse aos integrantes da Comisión de Contratación, Persoal e Especial de Contas. “Un ano máis son uns orzamentos marcados pola pandemia da covid-19 e nos que a prioridade será un ano máis a atención ás persoas, polo que son uns orzamentos principalmente sociais”.

A alcaldesa, Marián Ferreiro destacou que o Concello “continúa mantendo os impostos conxelados, incrementando na medida do posible os baremos de bonificacións para axudar ás familias máis vulnerables e sen débeda bancaria, factor este último que segue a marcar a estabilidade da xestión realizada nos últimos anos”. No capítulo de investimentos a alcal-



Ferreiro presentou acompañada do edil de Facenda, Román Romero, e o portavoz do PSOE local, David Pita.

desa incidirá no feito de que se destinarán importantes partidas a materializar dúas actuacións moi importantes na cidade cofinanciadas con fondos europeos: a rehabilitación do muíño de Xuvia e un tramo da senda peonil e ciclista que enlazará os paseos de Xuvia e Freixeiro, concretamente o comprendido entre o muíño de As Aceas e o Camiño do Peregrino. “En conxunto estas dúas actuacións suporán un investi-

mento que ronda os 900.000 euros, unha contía coa que apostamos por recuperar unha parte importante do noso patrimonio arquitectónico e natural, ao tempo que ofrecer ás nosas veciñas e veciños novos espazos municipais”. A maiores, os orzamentos do vindeiro ano reservan preto de 433.000 euros para a dotación dunha zona verde con equipamento no entorno da rúa Camiño do Peregrino.

A recuperación de chan urbano para usos públicos amables co medio ambiente destinaranse uns 374.000 euros, unha actuación subvencionada a través do Plan Edusi.

Así mesmo, Ferreiro destacou entre todos os investimentos os 600.000 euros que se reservarán para acondicionar, tamén cofinanciado con fondos europeos, o novo estacionamento de vehículos do centro de saúde. “É unha obra moi necesaria na que

levamos tempo traballando, para a que realizamos un proxecto e que a medida que avancen os prazos que requiren este tipo de subvencións levaremos a cabo para habilitar preto de duascenas prazas”.

A ampliación da rede de saneamento no termo municipal, a reposición do firme dalgúns viais, a adquisición de material para a Policía Local e o Servizo de Prevención, Extinción de Incendios e Salvamento de Narón, melloras enerxéticas no polígono de Río do Pozo e reformas en instalacións municipais figuran tamén entre os investimentos.

Pola súa banda, o concelleiro de Facenda, Román Romero, apuntou o importante incremento de partidas destinadas á área de Parques e Xardíns, cun 64% máis de investimento con respecto ao ano pasado; dun 54% na área de Persoas Maiores; un 32% en Igualdade e un 26% en Educación, entre outras. O portavoz do PSOE local, David Pita, asegurou que se trata dun “orzamento record, incrementado con respecto ao do ano anterior e mantendo os impostos conxelados” e subliñou a importancia de que “se incrementen un ano máis as partidas reservadas a gasto social”.

Medio Ambiente

Cedeira sinaliza as colonias de gatos protexidas para promover unha convivencia responsable

O Concello de Cedeira vai colocar unhas placas permanentes para sinalizar a ubicación das colonias felinas protexidas da localidade, en cumprimento da Lei 4/2017 de Benestar Animal, para sensibilizar a cidadanía e promover unha convivencia responsable. O goberno local toma esta medida coa colaboración da Asociación polo Benestar Animal de Cedeira (ABAC), cuxas voluntarias e voluntarios se ocupan desde o ano 2018 de controlar as colonias de gatos segundo o método CES (Captura, Esterilización e Solta).

Está prevista a colocación dos carteis nos 15 lugares do

casco urbano, no porto e nas zonas periféricas nas que están localizadas e controladas colonias felinas. Desde ABAC destacaron a colaboración desinteresada de Leandro Lamas, que cedeu un debuxo seu, cunha colorida paisaxe chea de gatos, para o deseño destes sinais. Neles faise constar que a lexislación establece que “está prohibido, baixo sanción, maltratar, molestar, abandonar ou subtraer os gatos”, así como “danar os refuxios, as comedoiras e os bebedoiros, e tamén alimentalos sen autorización”.

ABAC destacou que esta acción quere concienciar a veci-

nianza sobre a importancia de convivir de xeito responsable e que está prohibido, por lei, desplazar as colonias de lugar. A entidade leva anos controlando e atendendo os gatos de rúe, coa acreditación do Concello, de maneira que se garante a vixilancia da situación sanitaria e se evita a proliferación descontrolada de felinos.

A concelleira de Turismo, Participación Cidadá e Xuventude, Carmela Prieto, agradeceu o traballo e dedicación das voluntarias e voluntarios da ABAC e destacou o excelente resultado do control da po-



boación de gatos. Recordou que o Concello mantén coa entidade un convenio de colaboración para financiar e garantir a continuidade da súa tarefa e sinalou que, de feito, Cedeira

está a converterse nunha referencia neste eido, a teor dos positivos comentarios que o goberno local está a recoller de responsables de institucións e administracións da zona.

A CORUÑA PROVINCIA

956 KM
DE COSTA
E UN CAMIÑO
INFINITO DAN
PARA MOITA
PAISAXE

- Rías Altas: Ferrolterra
- Rías Altas: A Coruña e As Mariñas
- Costa da Morte
- Terras de Santiago
- Rías Baixas: Ría de Muros e Noia
- Rías Baixas: Ría de Arousa Norte



EN FOCO

Hugo Piñón, o valdoviñés de profesión viaxeiro

ESTE AVENTUREIRO, QUE ESTUDOU PUBLICIDADE E RELACIÓNS LABORAIS, FOI RECENTEMENTE A NEPAL COMO ORGANIZADOR DE VIAXES EN GRUPO PARA A EMPRESA WEROAD DURANTE TRECE DÍAS

Cando Hugo Piñón era pequeno quería ser granxeiro e astronauta. Agora, vinte anos máis tarde, cre que, salvando as distancias, non se quedou tan lonxe. Non viaxa á lúa, pero percorreu medio mundo —a súa conta actual é de 73 países—, aínda que sempre que pode volve a Valdoviño, a súa casa, cos seus animais.

Este mozo de Valdoviño estudou publicidade e relacións laborais en Vigo e comunicación audiovisual na Coruña. A primeira decidiu o seu traballo actual. “Sempre fun unha persoa creativa, pero agora traballo con clientes directamente e pónome os meus propios horarios. Gústame porque podo facelo desde calquera sitio”, conta este mozo nómade.

Na universidade foi onde viviu a súa primeira pequena aventura, un Erasmus a Roma. Estivo nove meses vivindo na cidade e foi a primeira vez que tivo que enfrontarse ao mundo só e saír da súa zona de confort. “É o sitio ao que máis volví porque chego e síntome como na casa, sinto cousas moi bonitas”, conta emocionado.

Pero as peripecias de Piñón non fixeran máis que empezar. Seguiríalle ser profesor nunha universidade francesa e, aínda que os seus amigos insistíanlle en que non ía atopar nada mellor, arriscouse e uns anos máis tarde entrou a formar parte do equipo de Google en Polonia.

Unha das maiores aventuras chegou no ano 2018, cando o programa de World Life Experience lle ofreceu unha oportunidade única: viaxar polo mundo cun soldo de 2.500 euros mensuais participando en proxectos sociais. Foi o seu pai o que lle mandou a ligazón para unha experiencia que viviría con outros onde elixidos e que o marcaría.



A última aventura de Hugo levouno a Nepal.

“Estivemos con nenos no hospital en Uruguai que estaban a loitar contra o cancro infantil ou con nenos que sufrían abusos en Colombia. Axudábalos cos deberes, xogabamos con eles... Creo que foron os proxectos que máis me marcaron”, explica o valdoviñés. Unha viaxe no que contaba con compañeiros moi variados, xa que todos eran de países diferentes. “Ao final foi un equipo

moi guay, adaptámonos todos moito. Aínda a día de hoxe seguimos levándonos moi ben e viaxando xuntos”, conta.

Para Hugo Piñón, o tempo de pandemia non foi difícil. “Viaxei dentro do que se podía. Fun a Portugal, descubrín moito España, fun por Tarifa. Viaxas con moita máis calma e vin que España tiña cousas moi chulas”, explica un galego afeito a adaptarse.

Pero mesmo cando houbo que parar completamente, non se lle fixo complicado. “Para min a miña gasoleira é a miña casa. Na pandemia non o pasei mal porque estaba no meu sitio favorito do mundo”, explica declarándose completamente namorado da súa terra.

A pesar de todo, a parada non ía ser moi longa. Piñón acaba de volver dunha viaxe de

trece días a Nepal. Nesta última aventura traballou con WeRoad, unha empresa que fai viaxes en grupo e manda a un coordinador de viaxe. O coordinador encárgase de que todo vaia ben, unha tarefa compatible con outro traballo, porque os coordinadores elixen as datas e o destino ao que queren ir. A idea é que as persoas que vaian, xeralmente de entre 25 e 45 anos, non se preocupen de nada.

“Unha das miñas partes favoritas das viaxes curtas é perderme nas rúas dunha cidade e falar coa xente. É verdade que agora en Nepal co tema do covid non o puiden facer, pero xa tiña moitas ganas de volver saír ao estranxeiro”, describe ilusionado.

A pesar de levar unha mochila xa cargada de experiencias únicas, este mozo declara que aínda queda moito por facer. “Só se que quero seguir descubrindo cousas. Teño moitas ganas de viaxar a Cidade do Cabo, en Sudáfrica, coller un coche destartado e subir ata Valdoviño”, explica. Tamén ten pendente visitar Sri Lanka e Xapón, e gustaríalle vivir unha tempada en Bos Aires, unha cidade da que se namorou.



Unha das súas partes favoritas é falar coa xente dos distintos países.

Investimentos



Cedeira pechou o ano cos proxectos do Plan Único xa executados

O Concello de Cedeira termina o ano con todos os proxectos do POS+2021 e POS+Adicional 2021 en marcha ou en proceso de licitación, unha circunstancia que o goberno local destaca como un sinal do bo ritmo que a administración local imprimiu ao seu programa de investimentos. Son cinco iniciativas que suman un investimento de preto de medio millón de euros (496.331 euros).

Dentro do POS+2021 está a consolidación dos antigos escolares de Saa e Sisalde. É unha actuación que está en execución e que conta cun investimento de 73.260 euros. As obras consisten na reparación nas cubertas e elementos estruturais destes dous, antigas escolas indianas que actualmente teñen usos comunitarios.

Xa están case rematadas as obras de rehabilitación estrutural da praza Roxa, nas que se

investiron 110.000 euros. Afecaron ao anel de cor vermella deste espazo urbano e consistiron en aplicar una solución duradeira, evitando que no futuro as raíces das árbores levanten o pavimento.

Xunto a estas dúas actuacións, está en licitación o terceiro proxecto do POS+2021, de conservación do firme Avda de España e Camiño Pitilleira, por valor de 51.649 euros.

En canto ao POS+Adicional 2021, está tramitado o expediente e a punto de saír a licitación a obra das beirarrúas da Avenida España, Rúa Ponte Nova e outras, que conta cun presuposto de 219.932,78 euros.

O Concello acometerá tamén con cargo a este programa, e ten tamén listo para sacar a concurso, o proxecto de mellora do firme nos lugares de Santallamar, Cordobelas, Magoira

e Vos Candales cun orzamento de 41.489,47 euros.

Ademais destas actuacións, están en marcha outras, entre as que destaca a de reorganización da Praza 18 de Decembro, adxudicada por un orzamento de máis de 272.022 euros, e a obra de peche de dúas pistas exteriores de pádel, contratada por 59.773 euros.

Compre sumar, entre os investimentos en marcha, os 61.353 euros que o goberno local destinou para a adecuación exterior do edificio cedido hai un par de anos para a ampliación da escola infantil da rede "A Galiña Azul". Daquela leváranse a cabo as obras de arranxo necesarias no interior, pero quedaba pendente a posta ao día do exterior. Así, o Concello contratou o cambio dos ventanais, a limpeza, reparación e pintado das fachadas e tamén a reparación do beirado da cuberta.

Economía

A empresa chinesa CHTC Motor podería instalarse en Río do Pozo



A alcaldesa, Marián Ferreiro, reuniuse este pasado mes de decembro co presidente da empresa CHTC Motor, Yan Yueli, o seu asesor, Liu Lin, e os mandatarios en España Yigam Chen e Pedro Pérez Lama, xunto cos edís de Urbanismo, Manuel Ramos, e Promoción Económica, David Pita, respectivamente. Foi unha primeira toma de contacto presencial tras varias conversas mantidas nos últimos meses para estudar a posibilidade de que implanteren as súas instalacións no polígono de Río do Pozo.

A alcaldesa explicou que os empresarios chineses, con firmas adicadas ao mundo do motor eléctrico e propietarios dun holding de renovables, motores eléctricos e de combustión de hidróxeno, figuran entre o ranking das 250 empresas máis importantes de China. A intención dos empresarios é poñer en marcha unha empresa de montaxe de autobuses eléctricos (E-BUS), o que suporía un investimento duns 90 millóns de euros e xeraría algo máis dun milleiro de postos de traballo.

"A posición estratéxica da cidade, as infraestruturas e a dispoñibilidade de chan industrial son tres dos aspectos que valoraron dende CHTC (China Hi-Tech Group Corporation) Motor para apostar por Narón para asentarse", indicou Ferreiro.

Os empresarios chineses tiveron a oportunidade de ver a zona na que se prevé a implantación da empresa. A firma ubicaríase en terreos da fase IV do polígono, tal e co-

mo apuntou a alcaldesa, que explicou que "precisan unha superficie duns 300.000 metros cadrados para construír unha nave de 100.000 metros cadrados. Dende o Concello puxémoslles sobre a mesa as propostas dispoñibles para materializar este importante proxecto".

Ferreiro indicou que "para ofrecer esta superficie que precisan habería que levar a cabo unha serie de modificacións urbanísticas na zona, sendo a fórmula máis áxil de realizalas, tal e como nos indicaron dende a administración autonómica, a tramitación como proxecto industrial estratéxico, para reducir prazos e axilizar os trámites necesarios para a súa posible implantación", asegurou.

O presidente de CHTC Motors, Yan Yueli, agradeceu o recibimento do Concello e destacou que "é un dos mellores momentos para apostar por proxectos relacionados coas novas enerxías".

Abordou Yueli a viabilidade de instalar a empresa de autobuses eléctricos en Narón e, co fin de axilizar o seu asentamento na cidade, tamén a posibilidade de implantar previamente outras empresas sobre o sector de motores de combustibles de hidróxeno, baterías de almacenamento e recargadores de baterías de vehículos sen cable que xa se están usando en China.

"Mentres tramitamos o proxecto da empresa de buses poderíanse introducir en Narón cadeas da liña de produción de novas enerxías que, en medio ano poderían estar operativas", explicou Yueli.

Servizos

O punto limpo de Vilar do Colo promoverá a economía circular

**NO RECINTO
INSTALOUSE ESTE
PASADO MES UNHA
CASETA QUE FACILITARÁ
O REAPROVEITAMENTO
DE PEZAS DE
APARELLOS E ENSERES**

Os concellos de Fene e Cabanas, como cotitulares do Punto Limpo do Vilar do Colo, recepcionaron este luns o equipamento que permitirá dotar as instalacións dun espazo dedicado á economía circular. Trátase dunha caseta prefabricada que garda no seu interior andeis, mesas de traballo e todas as ferramentas necesarias para que a veciñanza poida desarmar e reaproveitar pezas de aparellos ou enseres avariados.

Ademais o espazo tamén servirá como lugar de intercambio de obxectos traídos polas persoas usuarias ou recuperados do propio punto limpo aos que aínda lles quede vida útil. O proxecto, pioneiro na comarca, obtivo unha axuda de 14.701,50 euros procedente dos fondos estruturais da Unión Europea.

A iniciativa busca promover o que se deu en chamar “economía circular”, que combina aspectos ambientais e sociais



Os alcaldes de Fene e Cabanas, Juventino Trigo e Calos Brage, e a concelleira de Servizos, Mar Piñeiro.

promovendo a reutilización e intercambio de obxectos de todo tipo -electrodomésticos, aparellos electrónicos, mobiliario, roupa, etc.-, ben porque sexan doados de reparar ou porque aínda se encontren en bo estado e poidan facerlles servizo a outras persoas completamente gratis.

O espazo poderá ser utilizado por persoas que queiran amañar calquera cousa con pe-

zas vellas que poida haber no punto limpo. Para iso terán á man mesas de traballo e toda clase de ferramentas, como desparafusadores e chaves de distintos tipos e medidas, martelos, serras e trades eléctricas.

Por outra banda, na caseta tamén se poderán deixar aparellos e enseres para que os recupere outra persoa -xa sexa coa utilidade orixinal ou con outra nova- e aqueles que xa

non se usen pero que estean en boas condicións. Incluso se pretende que o centro funcione como punto de encontro colaborativo no que persoas con máis coñecementos poidan orientar e axudar a outras con menos experiencia en reparacións.

Do que se trata, en último caso, é de reutilizar para alargar a vida útil de moitos refugalloos que doutro modo acaba-

rían nos colectores do punto limpo para seren destruídos e reciclados posteriormente.

Os alcaldes de Fene e Cabanas, Juventino Trigo e Calos Brage, e a concelleira de Servizos, Mar Piñeiro, visitaron este luns a caseta trala súa recepción por parte dos dous concellos que comparten a titularidade do punto limpo.

Nova licitación

O servizo de economía circular entrará en funcionamento no momento en que o faga o propio Punto Limpo do Vilar do Colo e, de feito, será a empresa xestora das instalacións quen se ocupe de coordinar o seu funcionamento.

O Concello licitou en outubro un contrato de xestión cun prezo base fixado en 207.175,08 euros. Finalmente o procedemento quedou deserto e, por este motivo, a Comisión de seguimento formada polos tres municipios promotores -Fene, Cabanas e Ares- acordou reinicialo recalcando o importe de saída, que se ascenderá agora a 272.972,40 euros, IVE incluído. Esta cantidade sería para os tres anos de posible duración do contrato -dous máis un de prórroga a razón de 90.990 euros anuais- que as licitadoras poderán rebaxar nas súas propostas.


Os pregos técnicos e administrativos mantéñense invariables, así como a fórmula de financiamento do servizo, na que Fene asumirá o 58,57% dos custos, Ares o 26,53 e Cabanas o 14,90% seguindo un criterio proporcional á poboación de cada municipio.

Marcela

Pan Da Casa Na Túa Porta

Telf. 608 767 747

Ferrol, Narón, Meirás e Valdoviño



Carlos de Castro, profesor e historiador

Heráldica e Historia ou viceversa

Repetidas veces falamos de heráldica e puidese parecer que é un tema que nos apaixone. Non é así. Os estudos de heráldica e xenealoxía sempre tiveron unha morea, reducida pero entusiasta, de seguidores que parece aumentar nos derradeiros anos coas facilidades que ofrece Internet na difusión de coñecementos de difícil acceso. E sen dúbida á devandita difusión contribuíu a creación no 2002 da Asociación de Xenealoxía, Heráldica e Nobiliaria de Galicia e da súa revista, da que se publicaron 16 números. Disciplinas que entroncan co que coñecemos como Historia Local, mesmo familiar, cunha vertente artística nada desprezable, a Heráldica e a Xenealoxía nos interesan na medida que deixan de ser unha mera descrición para converterse en disciplinas auxiliares da Historia.

A recente restauración do retablo maior da igrexa de Santiago de Pontedeume proporcionounos dous escudos: un, o de Fernando de Andrade, do que xa falamos nun artigo anterior; e outro que podería pertencer a súa primeira muller, Francisca de Zúñiga e Ulloa. Foi dona Francisca filla de Sancho Sánchez de Ulloa e de Teresa de Zúñiga. Sancho foi fillo de Lope Sánchez de Ulloa e de Inés de Castro, e Teresa o foi de María de Bazán e Suero de Zúñiga, o que xustifica as armas do escudo que atopamos na parede ao lado da epístola: primeiro cuartel axadrezado de quince pezas, oito de ouro e sete de gules; segundo cuartel con banda enmarcada en cadea, de Zúñiga; terceiro cos seis roeles dos Castro; e cuarto con escaqueado ou jaquedo dos Bazán. Pero o importante deste escudo é que nos di que a capela foi construída con anterioridade á súa morte, acaecida en 1527. Antes para a súa datación utilizabamos a data gravada na mazonería do retablo que se atopa na capela; é dicir, 1530. Un elemento de dúbida é que o escudo non está disposto simetricamente na parede da capela con respecto ao de don Fernando, senón que está máis alto e máis á esquerda, coma se ambos escudos non fosen realizados no mesmo momento.



Escudo do Concello de Pontedeume.




Escudo do Torreón de Pontedeume.

Outros escudos da vila de Pontedeume

A obra de referencia para os escudos da vila é Heráldica de Pontedeume (1976), de Antonio Vázquez Rey, cronista oficial da vila de Neda. Un destes escudos é o que atopamos na fachada do concello, que don Antonio considerou de Fernan-

do Ruiz de Castro (1505-1575), marido de Teresa de Andrade. Foron os Reis Católicos os que decretaron a construción en todas as vilas de casas de concello, orde que tardou en materializarse. Antes as reunións celebrábanse en prazas ou en alpendres de igrexas. Descoñecemos cando se construíron as casas do concello de Pontedeume, pero do



Posible escudo de Francisca de Zúñiga.

que estamos seguros é de que se reedifican con posterioridade ao incendio xeral da vila de 1607 e que sufriron outra importante reedificación na década dos 70 do século XX. Sabemos tamén que o seu escudo foi picado no trienio liberal de 1820 a 1823 e repostado posteriormente, o que explicaría o seu perfecto acabado. Esta circunstancia levounos a pensar que, considerando ademais a súa cor avermellada, puidese

estar feito doutro material distinto do granito, suposición que parece non ser así, pois, como nos fixo ver Antonio Leira, o granito pode adquirir a devandita cor e acabado.

Pero aquí, en efecto, a Historia parece corrixir á heráldica. Expoñemos agora a hipótese de que o devandito escudo puidese pertencer a un dos fillos de Fernando Ruiz de Castro e Portugal (1548-1601), VI conde de Lemos. Estes fillos foron Pedro Fernando de Castro e Andrade (1576-1622) e Francisco Ruiz de Castro e Portugal (1579-1637). O escudo posúe as armas dos Osorio, Castro e Trastámara, ás que se unen as armas de Nápoles e Sicilia. Francisco Ruiz de Castro e Portugal foi vicerrei de Nápoles, sucedendo accidentalmente no cargo ao seu pai, e de Sicilia. Como irmán maior, Pedro Fernando de Castro e Andrade, presidente do Consello de Indias e tamén vicerrei de Nápoles, foi o VII conde de Lemos, pero á súa morte sucédeu o seu irmán Francisco, quen en 1629 renuncia aos seus títulos e ingresa na orde de S. Bieito. A relixiosidade deste membro da casa de Lemos explicaría a inscrición das catro sorprendentes esferas que circundan o escudo contendo a lenda SPES MEXA IN DEI, é dicir, a miña esperanza en Deus.

Outro importante escudo, ao parecer atopado nas ruínas da Casa-Pazo, é o que hoxe se atopa no vestíbulo do Concello. Considerado como o escudo máis antigo da vila, posiblemente sexa unha peza do século XVI ou XVII, pois chama a atención que, sendo a ponte construída a finais do século XIV de arcos apuntados, os arcos do escudo sexan de medio punto.

E, por último, o escudo que hoxe está no Torreón procedente da fachada do palacio de Andrade concita maior unanimidade por parte dos investigadores. Por conter o Toisón de Ouro parece pertencer a Francisco Ginés Fernando Ruiz de Castro Portugal e Borja (1666-1741), defenestrado por apoiar ao archiduque Carlos de Austria, a consecuencia do cal sufriu cárcere. Retirouse e residiu no Palacio de Pontedeume, con tempo para facer labrar o escudo?

Patrimonio


Como era o castelo de Naraío no século XIV?

O castelo de Naraío conta cunha ferramenta que nos axudará a entender a súa verdadeira dimensión histórica e, sobre todo, arquitectónica. E é que xa se activou a aplicación móbil desde a que poderemos facer unha viaxe ao pasado e ver, coma se fose maxia, unha reconstrución da fortaleza tal e como debía ser aló polo século XIV.

Para gozar do resultado hai que achegarse ao castelo, descargar unha APP para dispositivos móbiles e despois apuntar coa cámara a calquera dos dous paneis explicativos que están colocados no acceso principal e no alto do torreón.

A realidade aumentada permite superpoñer información virtual sobre a imaxe que capta un teléfono ou unha tableta. A tecnoloxía hai tempo que existe e un dos campos nos que máis avanzou foi no da interpretación e reinterpretación do patrimonio histórico.

En Naraío conflúen os dous: por unha banda temos a recreación en 3D da fortaleza baseada nas investigacións arqueolóxicas dos últimos 20 anos- e, por outro, a narración que acompaña o percorrido contextualizando tanto a época como as funcións que cumpría cada parte do castelo.



Tal e como explica o director comercial da empresa Xoia Software Development -encargada do proxecto- a aplicación "permítenos ver o castelo como era no seu momento de máximo esplendor reproducíndoo de maneira virtual, e ao mesmo contar as distintas etapas da súa historia e descubrir o entorno natural que o rodea. O castelo reproducíase exactamente como era tanto por den-

tro como por fóra, coma se fose de verdade, ou mellor aínda, porque podes acercarte e velo moi de preto, pedra a pedra".

Para levar a cabo a reconstrución virtual da fortaleza, a firma recopilou a información histórica dispoñible e tamén os estudos realizados nas distintas fases de consolidación. "Para facer unha réplica fidedigna en 3D traballaron arqueólogos di-

xitais, virtualizadores do patrimonio e especialistas. Todo o que reproducimos ten que ser como realmente era. As partes descoñecidas ou das que non quedan restos suficientes fixémoslas baseándonos noutras construcións da zona da mesma época", apunta Sánchez.

Porén, deixando a un lado as cuestións técnicas, o que máis lle interesará ás persoas

visitantes é saber que experiencia poderán vivir gracias á realidade aumentada.

A cousa funciona da seguinte maneira. Ao chegarmos ao pé do castelo veremos un dos novos paneis de información turística colocados polo Concello. Na súa parte baixa hai outro panel inclinado que mostra unha fotografía da fortaleza, un texto descritivo e tamén un código QR desde o que poderemos descargar para Android e iOS o aplicativo de realidade aumentada *Time Trip*. Unha vez instalado no móbil ou na tableta debere-mos elixir o lugar en que lugar estamos -ao pé do castelo ou na parte alta do torreón- e, deseguido, encadrar coa cámara ao panel informativo onde se encontra o QR.

En cuestión de segundos veremos a través da pantalla unha representación 3D do castelo de Naraío cos muros reconstruídos, o torreón almeado, os tellados xa desaparecidos, o trazado do foxo coa súa ponte levadiza...

O panel que hai ao pé do castelo -chamado tecnicamente target- fainos unha introdución histórica e descríbenos as distintas partes da fortaleza, ademais de dar opción de ver como se distribuían os espazos interiores. Quen nolo conta é a voz dramatizada de Alonso de Lanzós, cabaleiro que se puxo do lado dos revolucionarios da Segunda Guerra Irmandiña do S. XV, seguramente co obxectivo de recuperar as herdanzas que lle usurpara Nuno Freire de Andrade cando el era un neno.

La gestión de tus seguros de forma rápida, personalizada y siempre con el mejor precio.



Hogar



Vida

**AUXILIAR
BROKER**
MEDIADORES DE SEGUROS



Salud



Decesos

LA MEJOR COMPAÑÍA ENTRE TÚ Y TU ASEGURADORA.



Polígono industrial de Vilar do Colo
C/Cornecha parc. 4, oficina 5 15621 Cabanas (La Coruña)



Llámanos al 981 396 524, escríbenos al 619 374 140 o bien
un correo a administracion@auxiliarbroker.com